



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO RELATIVO Á COMPOSICIÓN DO XURADO DO CONCURSO "UNHA ESTATUA DE MAN, O ARTISTA DE CAMELLE"

Pola presente faise publico o Decreto ditado por esta Alcaldía o día 25 de marzo de 2015, sendo este do seguinte teor literal:

"O Concello Camariñas pretende adquirir unha escultura mimética de Manfred Gnädinger, o alemán de Camelle, con dita finalidade se convocou o concurso "Unha Estatua de Man, o artista de Camelle".

Nas bases que rexen o concurso estableceuse que a escultura a adquirir será seleccionada por un xurado á vista das propostas/proxectos presentados.

Así mesmo as devanditas bases establecen que o xurado estará integrado por personalidades relevantes do mundo artístico, cultural e social e que a súa designación corresponde ao Alcalde de Camariñas.

Así pois polo presente de conformidade coas bases que rexen o concurso e en uso das facultades que me atribúe o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das base de réxime local,

ACORDO:

PRIMEIRO: Designar o Xurado do concurso "Unha Estatua de Man, o artista de Camelle", sendo a súa composición a seguinte:

PRESIDENTE: D. XOSÉ ANTÓN CASTRO FERNÁNDEZ, Licenciado en Historia da Arte e Arqueoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e doutor en Arte pola Universidade Complutense de Madrid. Ampliou os seus coñecementos de arte contemporánea no MOMA e no Metropolitan Museum de Nova York. Foi director da sección de Artes Plásticas da Dirección Xeral de Cultura da Xunta, organizador da Bienal de Arte de Pontevedra e conservador do CGAC. Foi profesor no Liceo Internacional de París e na Universidade de Vigo.

VOCAL: D. ENRIQUE VELASCO VIEITEZ, Secretario da Escola de Canteiros de Pontevedra.

VOCAL-SECRETARIO: D. XOSÉ MANUEL BARROS HERMIDA, Artista e Fundador da Asociación Mar de Fábula

SEGUNDO: Facer público o presente mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello de Camariñas".

Camariñas, a 25 de marzo de 2015

O Alcalde,

Asdo.: Manuel Valeriano Alonso de León

